

# XALLAS

Boletín anual de Xallas Santa Comba SCG





# XALLAS

Boletín anual de Xallas Santa Comba SCG



## PRESENTACIÓN:

*POLO EQUIPO XALLAS*

Este ano dou comezo coa resaca do cincuenta aniversario da Xallas, a Nosa Cooperativa.

Mirar atrás fai espertar os sentidos da admiración polo facer e o traballo de todos e todas os que dunha ou doutra forma tiveron relación coa Xallas. Socios e socias, traballadores e traballadoras, provedores e colaboradores, un amplo grupo de xente que coa unión do seu esforzo empuxa cada día esta cooperativa a seguir sendo un referente do sector.



## NESTE NÚMERO:

- A POR OUTROS CINCUENTA!
- A ROBOTIZACIÓN
- O ECONOMATO
- A FORMACIÓN
- XALLEIROS
- OLLADA AO FUTURO
- NOTICIARIO






# A POR OUTROS CINCUENTA:

Trala festa volta ao traballo, e de camiño facer memoria e deixala escrita para quen queira saber, lembrar ou estudar a traxectoria da Cooperativa Xallas. Tras dous anos de traballo, escoitando as lembranzas, recordos e anécdotas dos que participaron na colecta de información para a redacción dun texto que tan só pretende contar os inicios e andares dun proxecto, da maneira mais obxectiva que foi posible, que acabou na cooperativa que coñecemos e desfrutamos hoxe en día, a Xallas, ou mas correctamente Xallas Santa Comba Sociedade Cooperativa Galega.

Grazas aos que quixeron contar os seus recordos, grazas aos que aportaron imaxes para dar forma a todo aquilo, grazas a paciencia e o tempo dos que revisaron o texto, grazas aos que axudaron a darlle a forma legal e desculpas aos que quixeron contar e non puideron facelo polo noso descoñecemento da súa intención. A todos dicirvos grazas pola axuda, para min foi un gusto escribir este conto.

**Xallas Santa Comba SCG.** "Espectadora, protagonista e participante:"  
Título do libro que conta parte da historia da cooperativa fundada no 1973.



Botando unha ollada atrás o camiño non foi do que se di sinxelo. Chegar ao que somos hoxe como Cooperativa pode verse como un conxunto onde pesa moitísimo o apoio dos socios e socias, o traballo constante sen baixar os brazos e nunha parte a sorte e o saber aproveitar as oportunidades collidas e pasadas.

Hoxe en día Xallas é unha cooperativa fortemente vinculada ao campo. A fabricación de pensos segue a ser a noso puntal económico, o traballo agronómico colle forza cada ano e os servizos xa se saben coma algo fundamental para seguir ao lado dos gandeiros e gandeiras que cada xornada nos dan a súa confianza.


# A ROBOTIZACIÓN:

Cada ano resulta menos alleo ao noso trabalo diario todo o relacionado coa tecnoloxía.

O traballo dos técnicos de hoxe conta con potentes ferramentas informáticas que apoian na recollida e interpretación dos datos, punto fundamental na toma de decisións. Decisións cada día máis apoiadas polo big data recollido durante anos que nos fai ver evolucións e rutinas. Vai asomando a intelixencia artificial, ferramenta que culmina coa predición que permite ir por diante de situacións indesexables nas nosas explotacións.

Todo o mundo da robotización ven sendo común noutros sectores, e cada día mais no noso. Os robots cada vez toman maior peso nas tarefas diarias da granxa: o muxido, a alimentación, as nodrizas, a automatización ambiental, traballos agrícolas,...

Os datos de control leiteiro, datos sanitarios a nivel rabaño en longas áreas xeográficas, datos de programas de uso común como os de xestión reprodutiva ou alimentación, análises de silos e de solos,... todo son datos, información útil segundo a orde que lles demos.



Sensores, arduinos, bots, AMS, machine learning,... palabras coma estas fan parecer da prehistoria as familiares de hardware ou software; tal vez a peli Terminator comeza a non ser tan lonxana, teremos que buscar no futuro un Jonh Connor?...

Fora bromas toda esta axuda fainos ter cada vez un maior control nas granxas, marcar obxectivos e poder medir dunha forma máis real que nos permite compararnos para saber como imos en relación ao resto do mundo.

Todas as axudas fannos ser máis rendibles coma empresas agrarias e máis competitivos ou/e eficientes dentro do sector.

Non sabemos moitas cousas das que virán nuns anos, o que si é claro, é que os procesos robotizados colonizarán moitas das tarefas do noso día a día.



# O ECONOMATO:

Tal vez un dos apartados da Cooperativa que máis ven cambiando o seu aspecto nos últimos dous anos é o Súper.

A súa fronte seguen Isabel, Rosa e Josefa, co apoio das compañeiras de administración e marketing. Tirando de ideas e con aportes de enxeño as veces un pouco aloucados... vanse creando novas zonas dentro da nosa pequena tenda para facela máis bonita para vós, os que vindes mercar.

A idea que vai tomando forma é crear un espazo agradable onde atopar produtos novos que se producen noutras cooperativas coma a nosa. Exemplos que temos a día de hoxe son os xeados de Bico de Xeado, a cosmética e infusións ecolóxicas de Muuhlloa e Millhulloa, ...

Pouco a pouco queremos ter tamén as vosas ideas para ir dando un aspecto diferente a nosa tenda. Pensade cousas diferentes que vos gusten e por non telas cerca supoña un problema conseguilas, pois iso ao “buzón de suxerencias” ou ao whasap do Facebook para a rapaza de comunicación!!





# A FORMACIÓN:

O ano 2023 marcou o inicio das Xornadas Formativas da Xallas. Nesta ocasión celebráronse en novembro aproveitando a semana do aniversario. Este 2024 será a segunda edición, da que todos e todas seredes debidamente informados.

Na actualidade a formación nos diferentes ámbitos da vida é fundamental e moi accesible. No tocante ao noso sector as formacións van sendo cada vez máis demandadas, tanto as relacionadas coa parte agronómica como co manexo, temática tal vez máis frecuente no pasado, e a cada vez máis importante: **o coñecemento de ferramentas dixitais.**

Toda a nova lexislación medioambiental e as demandas sociais que veñen dos consumidores abren posibilidades de novas formas de traballo. Un traballo que precisa ten unha mellor formación por exemplo en materia de sanidade, de instalacións, de manexo do muxido ou manexo dos cultivos e parcelas. A formación continua ven a ser unha obriga para os novos gandeiros e gandeiras, e un reto para os que collen todo este proceso ao final da súa vida laboral.

Dende a Cooperativa faranse diversas formacións como as que levamos a cabo xa este ano; lembremos o curso de inseminación e as charlas conxuntas con Africor.



# O FUTURO:

Estamos nunha das zonas máis gandeiras de Galicia. O futuro do sector existe, aínda que teremos que afrontar cambios profundos e pouco agradables nalgúns aspectos, Galicia ten un enorme potencial como zona gandeira.

O cambio climático esta a influenciar o noso día a día. Os cultivos vense moi afectados pola influencia do clima e o cambio obriga a que nós tamén cambiemos as estratexias e rutinas. As producións de forraxes víronse moi comprometidas en diferentes partes do noso país. Como esquecer os elevadísimos prezos que acadou a palla por mor da seca, ou as restricións as que se viron sometidos gandeiros e gandeiras doutras partes de España. Na primeira metade do ano pasado vivimos situacións dramáticas de falta de auga en zonas do sur que levaron ao sacrificio de animais e a perdas moi importantes de produción.

Nos cultivos vivimos pragas de insectos ao longo do ano que ninguén recorda. Ao primeiro a típula e a eiruga defoliadora nos prados; ao inicio do cultivo do millo os vermes do solo fixeron estragos e a escaseza de precipitación dificultou a efectividade dos insecticidas; a finais do verán de novo a famosa eiruga que comía o millo e que continuou durante o outono cos prados novos e vellos. O cambio nas condicións do clima con invernos de temperaturas moi suaves e veráns que van tendendo a inicios secos, por non falar das acumulacións na rutina de precipitacións, fan que as condicións sexan idóneas para diferentes pragas coas que nos teremos que acostumar a convivir.

A man de obra segue a ser unha dificultade importante tanto nas granxas coma en empresas relacionadas co sector coma a propia cooperativa, as empresas de servizos agrarios, as empresas de servizos veterinarios, ou a propia administración. Como comentabamos a robotización entra cada vez con máis forza no noso sector, en especial a nivel granxa, e un dos motivos de peso é precisamente a dificultade para atopar traballadores.



Dende a Cooperativa establécense cada ano relacións de apoio con empresas relacionadas cos nosos servizos coma por exemplo as empresas de servizos agrarios. A axuda entre nós é crucial en certos momentos de “apuro” para que non queden as tarefas sen facer.

Na aposta polos servizos buscarase a futuro unha nova localización para o Servizo Agro que facilite o traballo dos compañeiros e posibilite un mellor abastecemento de insumos.

O esforzo no asesoramento a pé de campo tamén é un dos obxectivos dos últimos anos. Ir por diante sería o propio, pero a lo menos ter un apoio baseado nas experiencias e formacións dos nosos técnicos e colaboradores, que axuden sen dúbidas a afrontar as demandas lexislativas e ambientais as que nos enfrontamos.

Toda a nova lexislación europea tamén vai supoñer e xa supón unha adaptación de traballo. As demandas dos consumidores marcan fortemente as decisións lexislativas. Tal vez debamos valorar debidamente a forte desconexión entre o campo e os consumidores, é moi posible que unha boa comunicación sexa cada vez máis necesaria para apoiar o futuro do sector que as veces parece ser “demonizado” sen xustificación, tal vez polo “mal do descoñecemento”.

Comunicar debidamente o noso día a día axuda moito a que xente que non ten contacto co rural coñeza o que facemos. É admirable a labor de moitos gandeiros e gandeiras que contan o día a día, acadan millóns de seguidores. Non é de estrañar pois temos un traballo ben chulo. Como cooperativa agraria, Xallas comunica a diferentes tipos de persoas: por un lado aos socios e socias, por outro a gandeiros e gandeiras que traballan ou non con nós pero queren coñecer a nosa labor, por outro camiño chegamos a xente que non ten vacas pero coñece o rural, e por último a aqueles que como soemos dicir “non viron unha vaca diante”. A todos queremos chegar e contarlles con orgullo o que facemos cada día para facer chegar os nosos produtos a súa casa.

A comunicación serve, entre moitas cousas, para dar a coñecer o que facemos a aqueles que non poden sabelo por non ter a posibilidade de estar cerca. Como escoitamos moitas veces “o saber non ocupa lugar” polo tanto comuniquemos, iso si, con responsabilidade e veracidade.



# XALLEIROS:

## POR ANTÓN CAMARERO SUANCES



Estamos no ano 2.024 e en toda Galicia as cooperativas están en pleno proceso de fusión seguindo os modelos da globalización mundial. Todas?, non: unha pequena cooperativa no noroeste do noroeste resístese á fusión, semella camiñar ao revés ;

A Cooperativa Xallas, que celebrou o dez de novembro do pasado ano os cincuenta anos, non ve esa necesidade de fundirse ou deslocalizarse. Os seus socios e socias pensan que lles vai ben seguir como ata agora. Levan moitos anos nos que as contas financeiras din que a Xallas ten os petos ben cheos, incluso reparte algún carto en forma de retornos cooperativos. Creen que a fábrica está ben onde está, no concello de Santa Comba, dando empregos directos ou indirectos aos familiares dos socios e socias. Ademais así os obreiros cóntanlle aos veciños do que se coce dentro da fábrica se é que non o comprobaban eles mesmos cando “se colan” na nave: que mellor control de calidade;

Tamén saben que a cooperativa non os tanga cos prezos, que son públicos e para todos os socios e socias igual. Iso si, Xallas non é para o gandeiro que lle gusta regatear, pois non lle van baixar un can.

Ademais Xallas ten un grupo de leite dende fai mais de trinta anos que é o grupo de entrega mais grande de Galicia: unhas cinco cisternas diarias saen da bisbarra cara a central leiteira. Nisto tamén vai a contracorrente, nunca se quedou cun peso do leite como fixeron outras cooperativas como pago a intermediación. As que cobraban comisión cando chegaban as épocas de vacas fracas, que sempre chegan, foron ao tacho: as centrais dábanlle os cartos da comisión da cooperativa ao gandeiro e estes marchábanse do grupo quedando así debilitadas. A Xunta Reitora da cooperativa negocia cada tres ou catro meses o prezo coa central leiteira: se a central está pagando menos que as outras lácteas que operan pola comarca do Xallas debe pagar unha compensación. Deste xeito de seis a vinte euros por tonelada de leite son retornados aos socios e socias que entregan o seu leite no grupo tódolos meses, isto si que é unha OPL;





Os socios e socias queren moito a súa Cooperativa que fai que nas aldeas xalleiras se viva con un pouco mais de tranquilidade a compra do penso e a venda do leite. Iso si, o único que seguen temendo os xalleiros é que un día lles caia o ceo sobre as súas cacholas. Se vivístedes por Santa Comba podedes saber do que falo, seguro que tamén o pensáchedes cando sentíchedes chover de tal xeito!.

Espero que sigades cumprindo moitos aniversarios mais seguindo estes principios, e eu celebrar con vos os setenta e cinco pois os cincuenta paréceme moito pedir!.

Antón Camarero Suances.





# NOTICIARIO:

- No 2024 temos a incorporación, de Jose Manuel como apoio ao Servizo Técnico da cooperativa; Jose será o responsable da parte agronómica. **Todo o apoio ao novo compañeiro no seu inicio e o desexo dunha longa e produtiva andadura na Cooperativa.**



- seguimos a participar en formacións conxuntas con outros centros coma **EFA Fonteboa e CFEA Sergude.** Por primeira vez no **Programa Xuventude Mentorin na Empresa** da Xunta de Galicia.



- este 2024 supuxo a ampliación de medios no **Servizo Agro** da cooperativa, entre eles a nova sulfatadora.

- seguimos con moitas ganas de organizar excursións, colaborar en eventos do sector e organizar todas as actividades que se nos ocorran e vos apetezan!, **darvos as grazas a tod@s por participar.**





CONTIDOS E IMAXES ELABORADAS POR SARA GRACIA CARBAJO, RESPONSABLE DE SERVICIOS TÉCNICOS E COMUNICACIÓN , XALLAS SANTA COMBA SCG.

AS FONTES DE TODAS A IMAXES E OS CONTIDOS SON DE ELABORACIÓN PROPIA.

AGRADECIMENTOS:

QUERO DAR AS GRAZAS A TODOS E TODAS OS COMPAÑEIR@S POLA VOSA AXUDA NA ELABORACIÓN DO CUARTO BOLETÍN XALLAS.

